

ACTA Nº2 DA COMISIÓN DE AVALIACIÓN DO CONCURSO PARA A PROVISIÓN DO POSTO DE TRABAJO DE JEFE/A DE SERVICIO DE CONTRATACIÓN E PATRIMONIO NO CONCELLO DE LUGO. RESOLUCIÓN DE ALEGACIONES.

Sendo as 10.00 horas do día 17 de xullo de 2025, reúnen os funcionarios e funcionarias designados/das por acordo da Xunta de Goberno Local do Concello de Lugo de data 02/10/2024 (acordo nº 9/432) para formar parte da Comisión de Avaliación do Concurso para a provisión do posto de traballo de xefe/a de servizo de contratación e patrimonio no Concello de Lugo. As bases e a convocatoria foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Lugo número 239, de 16 de outubro de 2024, un extracto da convocatoria no Diario Oficial de Galicia número 236 de 9 de decembro de 2024 e no Boletín Oficial do Estado número 305 de 19 de decembro de 2024.

Preside o acto o presidente titular, don Luis Ramón Vázquez Parga, interventor xeral do Concello de Lugo.

Actúan como vogais Dona Belén López López, secretaria-interventora do Concello de A Pastoriza, vogal designada como suplente actuando en substitución do vogal titular don Marco Antonio García-Gabilán Sangil que excusa a súa asistencia á sesión por motivos persoais e don Luis Alfonso Casais Fernández, letrado xefe do Gabinete Territorial de Lugo da Xunta de Galicia.

Actúa como secretaria dona Ana María Rivas García, secretaria xeral do Pleno do Concello de Lugo.

O presidente da Comisión de Avaliación procede a comprobar o quorum de asistencia e pregunta aos membros da Comisión se recibiron a documentación enviada pola secretaria da mesma via correo electrónico e consistente no escrito de alegacións presentado por Don Pedro Felipe Pedrouzo Devesa, aspirante no proceso de selección de referencia e rexistrado de entrada no xeral do Concello de Lugo o 10/06/2025 (2025/O023/001084).

I. ALEGACIONES PRESENTADAS

Efectuada a baremación dos méritos e memorias presentadas polos aspirantes, na sesión celebrada o día 16 de maio de 2025, resultou a seguinte:

ASPIRANTE	Anti- guída de (máxi mo 4)	Expe- rienci a (máxi mo 3)	Grao perso al (máxi mo 2)	Traballo desempe ñado (máximo 2.25)	Permane ncia (máximo 0.75)	Méritos academic os (máximo 3)	Lingua galega (máxim o 1)	Outras titulación s (máximo 2)	Conciliac ión (máximo 1)	Mem oria (máxi mo 6)	TOTA L
MARIA DEL CARMEN FLORES PARDO	4	3	1.5	2.25	0.75	0.10				N.P.	11.60
JUAN ESTEBAN	3.89	3	0	2.03	0.75	2.85	1	2		0	15.52

MÉNDEZ LEIVA											
PEDRO FELIPE PEDROUZO DEVESA	2.82	0	1.75	2.25	0.75	3	0.4		0.7	4	15.67

As alegacións formuladas polo aspirante Don Pedro Felipe Pedrouzo Devesa, son revisadas novamente e avaliadas pola comisión nos seguintes termos.

En primeiro lugar, sinalar que se pode facer unha diferenciación entre as alegacións relativas á valoración da comisión en relación ao aspirante Don Juan Esteban Méndez Leiva e as relativas á do propio asinante do escrito.

En relación ás primeiras (alegacións 1, 2, e 4), a comisión considera que deben ser desestimadas, pois da devandita revisión ningún beneficio se deriva para o alegante, de xeito que éste trata de asumir o papel dun mero defensor da legalidade, pretendendo substituír polo seu, o criterio xa expresado pola comisión.

Polo que se refire á alegación 3, relativa ao criterio de experiencia,o alegante Don Pedro Felipe Pedrouzo Devesa, acadou a puntuación de 0.

O mérito valorable segundo as bases aprobadas por Decreto da Tenenta de alcaldesa da área de Transición Ecolóxica de Excmo. Concello de Lugo, por suplencia do Tenente de Alcaldesa delegado da Área de Xestión integral de Recursos internos nº 9250/2024 de data 10/10/2024 publicado no Boletín Oficial da Provincia de Lugo número 239 de data 16 de outubro de 2024, consiste en:

2.- *Experiencia: experiencia no desenvolvemento de postos pertencentes á área funcional á que corresponda o convocado, entendendo por área funcional a política de gasto definida conforme á Orde EHA/3565/2008, do 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das entidades locais. Tomarase en consideración o posto de traballo ocupado na data de finalización do prazo de presentación de instancias. Puntuación de 3 puntos.*

Certamente a aplicación deste criterio non está exento de dificultades en orde á súa interpretación, polo que a comisión de valoración dispónse á súa análise nesta segunda oportunidade que deriva da apertura dun período de alegacións e que serve para perfeccionar a declaración de vontade primeiramente acordada, de ser o caso, ata a conversión dunha decisión provisional nunha definitiva que finalmente se eleve ao órgano de convocante, tras un trámite de alegacións.

O órgano de selección considerou na valoración inicial, que a política de gasto definida conforme á Orde EHA/3565/2008, do 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das entidades locais na que de ordinario e na maioría dos concellos se inclúe o posto de traballo a provisionar, é a 92, e en consecuencia así se puntuou. Esta consideración non vai a sufrir cambios

Porén, e á vista das alegacións presentadas, cómpre dicir que é certo que na relación de servizos concretos que se sinalan nesta política de gasto, non se atopa a contratación de xeito expreso (920. Administración Xeral, 922. Coordinación e organización institucional das entidades locais, 923. Información básica e estatística, 924. Participación cidadá, 925. Atención aos cidadáns, 926. Comunicacions internas, 929. Imprevistos e funcións non clasificadas). Do mesmo xeito, resulta que a denominación do posto a que se refire o presente proceso é xefatura de servizo de contratación e patrimonio, e respecto deste último, si hai unha mención expresa na **política de gasto 93** (933. Xestión do patrimonio), que é á que pertence o posto de traballo ocupado na data de finalización do prazo de presentación de instancias polo alegante. Por tanto esta comisión de valoración si acolle esta alegación, atribuíndo ao aspirante os puntos que lle corresponden, entendendo que se deben admitir tanto a política de gasto 92, como a 93, polo aquí exposto.

A baremación definitiva por orde decrecente é:

ASPIRANTE	Anti-güida de (máximo 4)	Experiencia (máximo 3)	Grao persoal (máximo 2)	Traballo desempeñado (máximo 2.25)	Permanencia (máximo 0.75)	Méritos académicos (máximo 3)	Lingua galega (máximo 1)	Outras titulacións (máximo 2)	Conciliación (máximo 1)	Memoria (máximo 6)	TOTAL
PEDRO FELIPE PEDROUZO DEVESA	2.82	0	1.75	2.25	0.75	3	0.4		0.7	4	18.67
JUAN ESTEBAN MÉNDEZ LEIVA	3.89	3	0	2.03	0.75	2.85	1	2		0	15.52
MARIA CARMEN FLORES PARDO	4	3	1.5	2.25	0.75	0.10				N.P.	11.60

Sinalado o anterior, tamén quere deixar constancia dunha recomendación ao órgano convocante, relativa á modificación das bases en relación á valoración da experiencia dos aspirantes. Acodir á estrutura orzamentaria das Entidades Locais aprobada pola Orde EHA/3565/2008, do 3 de decembro, non parece convinte en relación a postos abertos a todas as administracións públicas, xa que, con excepción da local, non se atopan suxeitas a esta. Por outra banda, a experiencia é un criterio que alude intrinsecamente ao paso do tempo, e ás habilidades obtidas precisamente ao longo deste, polo que carece de senso a valoración precisamente en función unicamente do último posto de traballo ocupado á data de finalización do prazo para a presentación de instancias, pois pode acontecer que o aspirante estea recentemente nomeado neste e pola contra, aspirantes que desenvolveron o posto de traballo que se convoca ou similares noutro momento da súa carreira profesional, non vexan valorada a súa experiencia por non tratarse do último. Se o que se trata é de garantir que teñen coñecementos actualizados pode limitarse a un período de tempo, quince anos, vinte anos, etc.

II. ACORDOS DA COMISION DE AVALIACION.

AMRG

Refª: ispac1816857617310979247.doc

Asunto: ACTA SESIÓN COMISIÓN DE VALORACIÓN PROVISIÓN DE POSTO DE TRABALLO XEFE DE SERVIZO DE CONTRATACIÓN E PATRIMONIO

A Comisión de Avaliación do Concurso, ACORDA por unanimidade:

PRIMEIRO.- Admitir parcialmente as alegacións presentadas por Don Pedro Felipe Pedrouzo Devesa, aspirante no proceso de selección de referencia mediante escrito rexistrado de entrada no xeral do Concello de Lugo o 10/06/2025 (2025/O023/001084). En concreto estímase a alegación número 3 relativa ao criterio experiencia e desestímanse as números 1, 2 e 4.

SEGUNDO.- Propoñer ao órgano convocante, como adxudicatario no proceso para a provisión do posto de traballo de xefe de servizo de contratación e patrimonio do Concello de Lugo, a Don Pedro Felipe Pedrouzo Devesa .

TERCEIRO.- Os novos resultados da avaliación dos méritos e a proposta de adxudicación enténdese elevada a definitiva quedando remitida á autoridade convocante para que continúe a súa tramitación e a súa publicación na sede electrónica e páxina web do Concello de Lugo.

Contra as resolucións e actos de trámite da comisión, se estes últimos deciden directa ou indirectamente o fondo do asunto, determinan a imposibilidade de continuar o procedemento, producen indefensión ou prexuízo irreparable a dereitos e intereses, poderá interpoñerse recurso de alzada ante a Xunta de Goberno Local. O prazo de interposición será dun mes.

E para que conste asinan a presente os membros da Comisión de Valoración enriba citados, dando por finalizado o acto ás 11.20 horas do día 17 de xullo de 2025, de todo o que como secretaria da Comisión de avaliación dou fe.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE

Presidente,
don Luis Ramón Vázquez Parga

Secretaria,
dona Ana María Rivas García

Vogais
don Luis Alfonso Casais Fernández
dona Belén López López